

NOVIDADES

19/07/2016

DIVERSAS PUBLICACIÓNS DE LISTAS DE ASPIRANTES A VINCULACIÓNS TEMPORAIS:

- **Publicación das listas definitivas de persoas aspirantes excluídas e de persoas aspirantes admitidas con puntuación e número de orde de condutor/a.**

Na pantalla de procesos de FIDES, no apartado de *selección temporal* ou *promoción profesional*, pode consultar se vostede se atopa admitido/a e a súa puntuación definitiva nas listas da categoría profesional de **Condutor/a**, así como, de ser o caso, na **sublista de Condutor/a de vehículos especiais de carácter sanitario**, segundo o disposto na resolución de 19 de outubro de 2015 (publicada no DOG de 29 de outubro de 2015).

As referidas listas entrarán en vigor con efectos do 20 de xullo de 2016, resultando de aplicación aos chamamentos que se efectúen a partir de dita data as normas de xestión contidas no Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal aprobado por Resolución do 26 de abril de 2011 (DOG nº 89 do 9 de maio).

As novas solicitudes presentadas tras a data do 30/11/2015 non figurarán nestas listas. Por tanto, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice. Se resultou excluído/a (da lista xeral, da lista de promoción profesional temporal e/ou da sublista de condutor/a de vehículos especiais de carácter sanitario); así como no suposto de non estar de acordo coa puntuación obtida, poderá interpoñer o/os recursos administrativos e/ou xudiciais previstos na resolución que anuncia a publicación oficial das devanditas listas.

- **Publicación das listas definitivas de persoas aspirantes admitidas con puntuación e número de orde de catro categorías de persoal estatutario de xestión e servizos (persoal de oficios).**

Na pantalla de procesos de FIDES, no apartado de *selección temporal* ou *promoción profesional*, pode consultar a súa puntuación definitiva nas listas das categorías profesionais de **Calefactor/a**, **Electricista**, **Fontaneiro/a** e **Mecánico/a**, segundo o disposto na resolución de 16 de xuño de 2015 (publicada no DOG de 25 de xuño de 2015).

As referidas listas entrarán en vigor con efectos do 20 de xullo de 2016, resultando de aplicación aos chamamentos que se efectúen a partir de dita data as normas de xestión contidas no Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal aprobado por Resolución do 26 de abril de 2011 (DOG nº 89 do 9 de maio).

As novas solicitudes presentadas tras a data do 27/07/2015 non figurarán nestas listas. Por tanto, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice. No suposto de non estar de acordo coa puntuación obtida, poderá interpoñer o/os recursos administrativos e/ou xudiciais previstos na resolución que anuncia a publicación oficial das devanditas listas.



- **Publicación da relación definitiva de persoas aspirantes excluídas, así como da orde de prelación e puntuación definitiva das persoas aspirantes admitidas na actualización de listas acollida á resolución do 12 de setembro de 2013 (DOG do 23 de setembro), e relativa á categoría de Persoal de Servizos Xerais (PSX).**

Por Resolución do 12 de setembro de 2013 (DOG do 23 de setembro) se regulamentan as bases do procedemento de actualización das listas de aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e Entidades adscritas á Consellería de Sanidade, e así mesmo, se acorda o desenvolvemento de sucesivos procedementos de actualización de listas, respecto daquelas solicitudes de inscrición validadas á data de 15 de outubro de cada ano natural.

Porén, polo que respecta con carácter particular ao procedemento de actualización das listas na data de 15 de outubro de 2015, e en cumprimento do establecido na disposición novena da devandita resolución, se procede á publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con asignación aos primeiros da puntuación e orde de prelación definitiva acadada, respecto das listas de **Persoal de Servizos Xerais (PSX)**.

As referidas listas entrarán en vigor con efectos do 20 de xullo de 2016, resultando de aplicación aos chamamentos que se efectúen a partir de dita data as normas de xestión contidas no Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal aprobado por Resolución do 26 de abril de 2011 (DOG nº 89 do 9 de maio).

Se non está de acordo coa causa ou causas de exclusión aplicada/s (da lista Xeral ou da lista de Promoción Profesional Temporal), ou de ser o caso, de haber disconformidade coa puntuación e/ou orde de prelación obtidas, poderá interpoñer os recursos administrativos e/ou xudiciais previstos na resolución que anuncia a publicación oficial das devanditas listas.

As novas solicitudes presentadas tras a data do 15/10/2015, así como as daqueles aspirantes que xa figuren na lista vixente e confirmasen cambios na nova solicitude con posterioridade á referida data, non figurarán nestas listas. Por tanto, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice.

- **Máis Información sobre as Publicacións anteriores**

Calquera consulta poderá dirixila aos Centros de Xestión do *Servizo Galego de Saúde* ([http://www.sergas.es/Docs/Profesional/NOVO%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACIÓN%20\(03%2010%2012\).pdf](http://www.sergas.es/Docs/Profesional/NOVO%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACIÓN%20(03%2010%2012).pdf)) ou formular a súa pregunta ao "buzón novopacto": novopacto@sergas.es.